

FUNDACIÓN FRAGAS DO MANDEO

# Balance económico e de xestión

Exercicio 2020

O día 6 de xullo de 2010 constituíuse Fragas do Mandeo como entidade de custodia do territorio con fins de conservación da natureza da comarca de As Mariñas. Rematado o undécimo exercicio, publica este informe de acordo coa lexislación vixente e seguindo a política de transparencia nas contas e na xestión.

## Balance de xestión

A actividade no ano 2020 estivo condicionada pola crise sanitaria provocada pola pandemia. As limitacións de mobilidade e de reunión impediron mante-lo ritmo de traballo do ano anterior. Consecuentemente, o número de xornadas de voluntariado diminuíu moito e o número de participantes en cada unha delas foi máis reducido. En estas circunstancias, o obxectivo principal foi o de mante-lo acadado nas actuacións de anos anteriores, sen intentar ampliálo.

Así, continuamos coa mínima actividade necesaria para o mantemento das parcelas custodiadas no entorno do río Mandeo e da lagoa de Sobrado, e nas dúas reservas que temos creado, a do Catorce e a do Olló da Roda. Nas zonas apadriñadas do dominio público nos ríos Mandeo, Mendo e Lambre, no rego das Bouzas, nas praias da Alameda, Abeleira e Grande de Miño, na marisma de Betanzos e na lagoa de Sobrado, centrámola actividade en impedir que as especies exóticas invasoras recolonizaran as áreas nas que as eliminamos en anos precedentes. Tamén recolleamos lixo nelas, pero en menor intensidade que o ano anterior.

Finalmente, a biomasa das plantas exóticas eliminadas sumou 2.322 kg, correspondente a 20 especies distintas, e o lixo recollido 4.097,5 kg. Este traballo foi asumido polo voluntariado da entidade, formado por 51 persoas distintas, e co apoio ocasional de 38 voluntarios máis doutras entidades.

Durante o ano aumentámola superficie custodiada coa adquisición de 23.480 m<sup>2</sup> de monte. Dende un punto de vista contable, o patrimonio inmobiliario veuse incrementado nun 11 % respecto do ano anterior pola adquisición destas parcelas. No caso do activo corrente, diminuíu un 2 %.

Malia a situación imperante, realizamos algunhas actividades de difusión das actuacións e dos obxectivos da entidade, e continuamos a divulgar-la custodia do territorio como instrumento xurídico para a conservación da natureza. Mantivemos actualizada a páxina web, incrementámo-los seus contidos e tódolos meses ofreceuse nova información no blog de noticias. Lamentablemente, houbo que cancelar a organización da novena edición da *Semana de Custodia do Territorio nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo*. Os doadores e as asociacións colaboradoras estiveron informados en todo momento dos avances efectuados.

Mantivéronse os dous convenios de custodia do territorio co Concello de Coirós e o asinado coa Universidade da Coruña, que permite ós seus alumnos realizar prácticas baixo o sistema aprendizaxe-servizo nas zonas custodiadas ou apadriñadas por Fragas do Mandeo.

## Dotación fundacional e recursos

A dotación fundacional mantense como inicialmente, pero incrementada ó afectarse a ela as parcelas mercadas durante o exercicio. A fin de ano, a extensión das parcelas en propiedade que forman parte da dotación fundacional, ou foron afectadas permanentemente ós fins fundacionais polo padroado, é de 129.197 m<sup>2</sup>. No tocante ó activo non corrente, aumentou en 5.814,53 euros, para rematar totalizando a fin de ano os 62.357,21 euros.

## Ingresos

Aínda que no ano 2020 continúa o incremento paulatino das doazóns de particulares, o conxunto dos ingresos cae respecto ó ano anterior por dous motivos: por unha banda a ausencia de subvencións e por outra o descenso dos ingresos por actividade propia como consecuencia da crise sanitaria.

As fontes de ingresos seguen a amosar certa diversidade, aínda que menor respecto a anos anteriores. As doazóns en efectivo dos particulares suben un 11 % e volven a estar no primeiro posto en importancia, pois constitúen o 76 % do total. Foron asumidas por 54 persoas que achegan unha media de 125,65 euros.


Tal como se adiantou, nesta ocasión non se ingresaron subvencións. Aínda que no ano anterior solicitamos unha axuda á Deputación da Coruña, finalmente houbo que renunciar a ela por non acadarse o 50 % de execución que esixían as bases (as actividades programadas dependían dunha compra de parcelas que finalmente veuse frustrada). Hai que salientar que a ausencia de efectos significativos na entidade amosa a súa independencia respecto do sector público.

As doazóns de asociacións e colectivos foron o 20 % dos ingresos. Aparentemente incrementouse o importe do exercicio anterior, pero en realidade é debido a un retraso na transferencia da achega do ano anterior dunha das entidades. Aquí hai que salientar o apoio de Ecoloxistas en Acción, pois fixo unha doazón de materiais —valorados en 456,17 euros— que permitiron inicia-la construción dun viveiro de árbores autóctonas. As doazóns de empresas quedan no 3 % do total e a actividade propia nun 1 %.

Resumindo: A fidelidade dos doadores e das asociacións colaboradoras son o sostén económico da entidade.

Ingresos dinerarios	Ano 2020	Ano 2019
Doazóns de particulares	6.785,00	6.122,00
Doazón da A. C. Lar de Unta	250,00	250,00
Doazón da A. C. Roxín Roxal	600,00	0
Doazón do G. N. Hábitat	936,54	874,33
Alumnos Colexio Obradoiro	0	90,00
Alumnos Universidade da Coruña	0	150,00
Empresas	250,00	500,00
Subvención Deputación da Coruña e outras	0	0
Subvención Agader	0	16.626,58
Donativos mesas e rastrillos	0	10,00
Outros ingresos	94,63	1.457,22
Xuros bancarios	0	0
<b>Total (euros):</b>	<b>8.916,17</b>	<b>26.080,13</b>


### Ingresos 2020



### Ingresos 2010-2020



### Evolución anual dos ingresos



## Investimentos e gastos

O exercicio do 2020 está caracterizado por un retorno ós investimentos en parcelas e unha redución nos gastos pola obrigada diminución de actividade.

Mercáronse parcelas de monte que suman unha superficie de 23.480 m<sup>2</sup>. Non se investiu en novo equipamento, pois foi suficiente o mercado en anos anteriores. A nivel contable ese equipamento está case totalmente amortizado, aínda que a súa utilidade nas actuacións de conservación e recuperación ambiental previsiblemente se prolongará por moitos anos máis.

O principal gasto en aprovisionamento foi realizado pensando na reforestación de parcelas. Mercáronse titores e materiais para a construción dun viveiro de árbores autóctonas, motivo polo que este gasto foi imputado ós proxectos da Espenuca e da reserva do Olló da Roda. O importe dos seguros de voluntariado mingouou polas poucas xornadas de voluntariado que puídemos convocar.


Por segundo ano aparece o capítulo de quilometraxe. Anteriormente estaba sendo asumido por tres propietarios de vehículos, pero o elevado número de desprazamentos nas actividades de voluntariado no mantemento das zonas custodiadas e apadriñadas supoñía un gasto que non podía seguir sendo asumido por eles. O seu importe non se asigna ó capítulo de gasto corrente porque a súa práctica totalidade obedece a actuacións dos proxectos en marcha, aínda que por simplificación e claridade non se disgregou entre cada un deles.

Investimentos e gastos	Ano 2020	Ano 2019
Adquisición de fincas <sup>1</sup>	7.429,86	792,59
Proxecto Espenuca	472,31	20,80
Proxecto Sobrado	0	281,77
Proxecto Reserva do Catorce	0	133,11
Proxecto Reserva do Olló da Roda <sup>2</sup>	493,18	20,87
Equipamento	0	0
Accións de voluntariado	182,00	394,00
Quilometraxe	688,56	1.360,25
Gasto corrente	622,99	758,73
<b>Total (euros):</b>	<b>9.888,90</b>	<b>3.762,12</b>


<sup>1</sup> Inclúe os gastos aparelados de notaría e rexistro.

<sup>2</sup> Inclúe os gastos de arrendamento.


### Investimento e gasto 2020



### Investimento e gasto 2010-2020



## Evolución anual dos investimentos e gastos




## Gasto corrente

A cifra total de gasto corrente é similar ó ano anterior. En termos porcentuais resulta practicamente igual que a media do período 2010-2020 (7 % dos ingresos fronte a un 6,9 % de media), manténdose en cifras moi baixas.


Igual que en anos anteriores, hai que salienta-la ausencia de gastos en nóminas, pois son os voluntarios os que asumen todo o traballo, tanto o interno coma a meirande parte do realizado no campo. Tamén grazas á súa xenerosidade, o resto dos capítulos do gasto corrente foron moi reducidos, incluso contabilizándose como nulos os gastos de local, auga, electricidade, limpeza, mantemento, ADSL e equipamento informático. O mesmo ocorre coas tarefas de deseño e de programación da web (valorados en 15.086 euros), os contidos da web e as súas traducións (valorados en 49.884 euros), a presenza nas redes sociais, a xestión, a administración e a realización de trámites oficiais, pois todos tiveron custo cero para a entidade.

Gasto corrente	Ano 2020	Ano 2019
Seguro entidade	103,50	103,50
Telefonía	260,75	290,03
Aloxamento e dominios de Internet	123,16	140,34
Papelería	34,45	88,55
Gastos varios	16,94	49,65
Comisións bancarias	43,04	41,08
Taxas	41,15	45,58
<b>Total (euros):</b>	<b>622,99</b>	<b>758,73</b>

## Gasto corrente 2020: 7 %




## Evolución da porcentaxe de gasto corrente



## A evolución dos fondos de conservación e de actividade


Para maior claridade informativa, clasificamos os ingresos en dous fondos. Na gráfica seguinte pode observarse a evolución do fondo Conservación, efectivo procedente das doazóns de particulares, asociacións e empresas destinado exclusivamente a investir na adquisición de parcelas (incluíndo tamén os importes de notaría e rexistro). Pode observarse o incremento na adquisición de parcelas, pero tamén a dispoñibilidade de fondos para novas adquisicións, segundo as negociacións de compra cos titulares vaian materializándose.

**Evolución do fondo Conservación**  
(cifras anuais acumuladas)



O fondo Actividade nótrese dos ingresos da actividade propia e das subvencións. A pequena cifra negativa que quedou do ano anterior veuse incrementada neste exercicio. Os gastos acumulados seguen a ser máis elevados que os ingresos do fondo, pois durante o ano non se ingresaron subvencións e os ingresos por actividade propia foron moi reducidos. Isto implica que para poder seguir destinando o 100 % das doazóns de particulares, asociacións e empresas a abona-lo importe dos investimentos en parcelas, incluíndo os gastos aparelados, será necesario incrementa-los ingresos por actividade propia nos seguintes exercicios, algo difícil de acadar se non se volven realizar rastrillos ou se atopan outras fontes.

**Evolución do fondo Actividade**



## Adquisición de fincas

Coas 16 parcelas de monte adquiridas no ano, a superficie en propiedade chega a ser practicamente igual que a custodiada mediante convenios ou cesións. Estas parcelas sumaron un total de 23.480 m<sup>2</sup>, pasando así a se-la superficie total custodiada de 291.820 m<sup>2</sup>.


Excepto unha, todas as parcelas mercadas este ano están situadas na ribeira do río Mandeo, no termo municipal de Coirós. Boa parte delas teñen bosque autóctono e nas que hai arborado exótico pode actuarse para recuperalo, para darlle así continuidade á fraga existente. A outra parcela é lindeira co río Mendo (termo municipal de Oza-Cesuras), nas proximidades da Reserva do Olló da Roda. Unha cuarta parte dela está destinada a prado de ribeira, presentando o resto un bosque de ribeira —considerado hábitat prioritario 91E0 pola Directiva Hábitats— con arborado diverso, aínda que está infiltrado con algúns exemplares exóticos que haberá que eliminar.

Os resultados poden considerarse bos, dado que as negociacións das parcelas víronse dificultadas polas limitacións existentes nos desprazamentos e nas reunións, tendo que recorrerse ó teléfono e ó correo electrónico. Rematou o ano con outras negociacións aínda abertas.

Superficie por tipo de acordo



Superficie custodiada (m<sup>2</sup>)



## Mantemento das parcelas custodiadas

Inicialmente as tarefas de mantemento do ano 2020 foron acometidas con voluntariado, pero a final de ano, debido ás poucas xornadas que se puideron convocar, houbo que contratar servizos forestais para rozar con tractor os prados da reserva do Olló da Roda e con motorrozadora os montes da Espenuca e dos Vello.

**Monte da Espenuca:** Un voluntario rozou os camiños interiores, renovou a sinalización deteriorada e fixo os coidados das árbores autóctonas plantadas. Tras ter iniciado o voluntariado o traballo de control do mato, finalmente foi realizado por un par de traballadores forestais, que rozaron os toxos, sil-

vas e xestas. Eliminamos un exemplar de *Acacia melanoxylon* e varios de *Eucalyptus globulus* nados de semente (non aparecen xa rebrotos de cepo).

**Monte de Os Vello:** O principal traballo neste lugar foi a roza de toxos e silvas. Tamén coidamos das árbores autóctonas plantadas

**Monte de O Bocelo:** Grazas á boa recuperación que amosa, non precisou de especial atención.

**Reserva de Anfibios do Catorce:** Repasouse a presenza de eucaliptos na zona de bosque para lograr secar os poucos que aínda rebrotan e arrincar os que naceron de semente. Recollemos 18 kg de lixo e 432,5 kg de biomasa de invasoras, composta de 421,5 kg de *Cyperus eragrostis*, 10,5 kg de *Conyza canadensis*, 0,5 kg de *Aster squamatus* e 13 exemplares de *Budleia davidii*.

**Reserva do Ollo da Roda:** Situada na ribeira do Mendo nun tramo de río de 0,5 km de lonxitude, os traballos estiveron centrados en roza-los prados e a zona reforestada, en coida-las árbores autóctonas plantadas e en apartar árbores caídas. Retiramos 13,5 kg de lixo e 79,5 kg de biomasa, composta por 333 tubérculos de *Crocasmia x crocosmiiflora*, 68 kg de *Tradescantia fluminensis*, 20 exemplares de *Ligustrum ovalifolium* e un de *Acacia melanoxylon*. Secamos 20 exemplares de *Robinia pseudoacacia* e tamén cortamos 16 exemplares de *Populus x canadensis*, dos que logo houbo que arrincar máis de 200 rebrotos.

**Lagoa de Sobrado:** Visitouse en dúas ocasión, nas que limpámo-lo observatorio ornitolóxico e recollémo-lo lixo nas dúas parcelas custodiadas.

## Apadriñamento

O obxectivo inicial era continuar co ritmo de traballo de anos anteriores nas zonas de dominio público apadriñadas. Lamentablemente, tivemos que reduci-las visitas periódicas destinadas a mantelas limpas e a eliminar canto antes calquera reaparición de especies exóticas invasoras ou de especies alóctonas naturalizadas.

**Lagoa de Sobrado:** Tal como facemos nas visitas sempre que podemos, recollémo-lo lixo no aparcadoiro, en toda a contorna transitable da lagoa e no tramo de camiño xacobeo que pasa a carón dela, sumando este ano 18 kg.

**Río Mandeo:** A zona de actuación cuberta foi un tramo de aproximadamente 7,5 km (dende O Tope até a ponte de Teixeira), incluíndo tamén o tramo final do rego das Bouzas (0,6 km). Retiramos 1.045 kg de lixo e 47,5 kg de biomasa no curso principal do Mandeo. Arrincamos 39,5 kg de *Tradescantia fluminensis*, 2.131 tubérculos *Crocasmia x crocosmiiflora*, 37 exemplares de *Acacia melanoxylon*, unha ducia de exemplares de *Prunus laurocerasus*, 6,5 kg de *Zantedeschia aethiopica*, 12 exemplares de *Ligustrum ovalifolium*, 2 exemplares de *Robinia pseudoacacia*, 5 exemplares de *Euonymus japonicus*, 3 exemplares de *Hydrangea sp.*, un exemplar de *Phoenix canariensis* e unha macolla pequena de *Cortaderia selloana*.

Aínda que estaba programado avanzar no rego das Bouzas augas arriba até a ponte do Porto do Vao, non foi posible pola cancelación do campo de traballo a causa da pandemia. No repaso do tramo no que se traballou en anos anteriores retiramos 11 kg de lixo, 60,5 kg de *Tradescantia fluminensis*, 113 tubérculos de *Crocasmia x crocosmiiflora*, un exemplar de *Hydrangea sp.*, un de *Zantedeschia aethiopica* e un de *Ligustrum ovalifolium*.



**Río Mendo:** Cubrímo-lo tramo de 9 km aproximadamente entre a ponte das Moas e a ponte de Tai-bo. Retiramos 992,5 kg de lixo (a meirande parte nun vello vertedoiro a carón da ponte da Ermida) e 301 kg de biomasa, correspondente a 1.870 tubérculos de *Crocsmia x crocosmiiflora*, 26 kg de *Tradescantia fluminensis*, 2 exemplares de *Hydrangea sp.*, 7 exemplares de *Acacia melanoxylon* e 116 de *Ligustrum ovalifolium*.

**Río Lambre:** Dende o 2011 controlamos as invasoras na marisma do Lambre, pero non foi posible nesta ocasión. Tampouco recollémo-lo lixo no tramo percorrido no ano precedente (dende Achileiro, augas arriba da minicentral de Güimil, até Ponte Lambre).

**Praia da Alameda:** O lixo recollido neste areal pesou 386,5 kg e retiramos 283,5 kg de biomasa de especies exóticas. Por primeira vez actuouse nun foco de invasoras no medio da zona húmida, da que retiramos 200,5 kg de *Tradescantia fluminensis* e 49 exemplares de *Phoenix canariensis*. No resto do enclave retiramos 383 tubérculos de *Crocsmia x crocosmiiflora*, 36,5 kg de *Conyza canadensis*, 0,5 kg de *Aster squamatus*, 1,5 kg de *Cyperus eragrostis*, 4 kg de *Bidens frondosa*, 1 kg de *Arctotheca calendula*, 9 exemplares de *Cortaderia selloana*, 6 de *Zantedeschia aethiopica*, 2 de *Hydrangea sp.*, 7 de *Robinia pseudoacacia*, 9 de *Populus x canadensis* e un de *Eucalyptus globulus*.

**Praia da Abeleira:** Por segundo ano traballamos neste areal, onde o lixo recollido pesou 368,5 kg e retiramos 788 kg de biomasa. Igual que o ano anterior, o traballo estivo centrado en elimina-las extensas manchas de *Tradescantia fluminensis*, da que retiramos 786,5 kg, pero tamén 130 tubérculos de *Crocsmia x crocosmiiflora*, 1 kg de *Arctotheca calendula*, dous exemplares de *Hydrangea sp.* e un de *Ligustrum ovalifolium*. A diferenza do ano anterior, non se localizou nin *Cortaderia selloana* nin *Buddleia davidii*.

**Praia Grande de Miño:** Neste areal, incluíndo a parte norte da marisma de Bañobre, retiramos 156,5 kg de lixo e 329,5 kg de biomasa de invasoras. Eliminamos 14 macollas de *Cortaderia selloana* que pesaron 258,5 kg en total, 1.088 tubérculos de *Crocsmia x crocosmiiflora*, 61 kg de *Conyza canadensis*, 2 kg de *Aster squamatus*, tres exemplares de *Vinca difformis*, unha presa de *Cyperus eragrostis*, un exemplar de *Phoenix canariensis* e outro de *Washingtonia filifera*.

**Marisma de Betanzos:** Nesta zona non eliminamos especies exóticas invasoras, limitando o traballo á retirada de 1.086,5 kg de lixo repartidos en dúas xornadas. Dominaban os residuos plásticos; entre os voluminosos apareceron un tambor de lavadora, dúas rodas e unha cociña. Por último, recolléronse 1,5 kg de lixo nos Caneiros.

## Voluntariado

Obviamente, a actividade do voluntariado viuse limitada severamente durante o ano pola crise sanitaria. Como resumo do esforzo realizado, o número de horas dedicadas polo voluntariado ó conxunto das tarefas (traballo no campo, administración, traducións, mantemento da web, etc.) equivaleu a máis de 148 xornadas laborais de 8 horas. Aínda que a entidade conta habitualmente con suficientes voluntarios para acometer todas estas tarefas, a finais do ano viuse obrigada a contratar traballos forestais de mantemento.

Durante o ano colaboraron 51 voluntarios distintos que participaron nunha ou varias das 11 xornadas de traballo no campo que convocamos. A media foi de 1,9 xornadas por persoa (con variacións de 1 a

11 xornadas), sumando un esforzo total de 98 xornadas. As mulleres constituíron o 61 % do voluntariado, facendo o 59 % do traballo. Con respecto ás idades, o rango abrangueu dende os 5 até os 77 anos, sendo a media de 46 anos. Tódalas persoas residían na provincia. Os da cidade de A Coruña foron os máis numerosos, triplicando ós de Sada, que quedaron en segundo lugar; a continuación destes encabezan a lista Bergondo, Cambre e Oleiros en orde descendente de frecuencia.

Soamente se organizou unha xornada para colectivos, neste caso para 9 persoas vinculadas á empresa Naturgy como traballadores ou familiares deles.

### **O núcleo do voluntariado**

A perspectiva cambia considerablemente se centrámolo foco no núcleo do voluntariado. As 11 persoas que participaron en máis de dúas xornadas realizaron en conxunto o 53 % do esforzo total nas xornadas de voluntariado. Neste grupo, a media de participación foi de 4,7 xornadas por persoa (con variacións de 3 a 11 xornadas). Aquí o papel das mulleres aínda foi máis relevante, pois dentro deste grupo constituían o 73 % e fixeron o 62 % do traballo. As idades estaban comprendidas entre os 13 e os 66 anos, sendo a media de 50 anos. Proceden principalmente de Cambre e da cidade de A Coruña, aínda que tamén viñeron de Betanzos, Oza-Cesuras e Bergondo.

Este núcleo formado polo voluntariado recorrente resulta clave. Por unha banda, realizaron máis da metade do traballo no conxunto das xornadas convocadas. Por outra, a súa experiencia facilita e dinamiza as xornadas, tendo capacidade de auto-organización e de improvisación cando resulta necesaria, axudando a que os voluntarios ocasionais se integren no grupo. O perfil tipo sería o dunha muller de idade madura que vive na Coruña ou no seu entorno.

### **Outro voluntariado**

Ó longo do ano dúas entidades programaron xornadas de voluntariado para apoiar os nosos obxectivos. Participación 39 persoas que realizaron un esforzo total de 47 xornadas, retirando lixo e especies exóticas invasoras nas zonas de dominio público que apadriñamos. Actuaron na praia da Abeleira, recollendo lixo e retirando especies exóticas invasoras.

Dúas xornadas formaban parte do proxecto LEWO da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, nas que participaron un total de 21 persoas. A elas hai que engadir as 18 persoas que participaron nas dúas xornadas organizadas polo Grupo Naturalista Hábitat.

Debido á crise sanitaria, non se programou unha nova edición do campo de traballo Monte da Espenuca, promovido en anos anteriores por Fragas do Mandeo e xestionado polo Concello de Coirós.

A todo o anterior hai que engadi-la colaboración da empresa CPR Gestión nas tarefas de administración, a dos voluntarios que programan e xestionan os contidos da web e traducen os textos, ou a dos que realizan as diversas tarefas da xestión e administración diarias.

## **Difusión da entidade**


A difusión da entidade a través de Internet seguiu sendo o principal recurso, por ser un medio con custos moi reducidos. O total de contidos da web acadou a final de ano unha extensión de 144.284 palabras para a versión en galego. Sumando os textos xa traducidos ó castelán, inglés e alemán, tota-

lízase unha extensión de 430.061 palabras. Estas cifras están en liña co incremento de anos anteriores, aínda que non reflicten a actualización de contidos.

Ó longo do ano publicáronse 32 entradas na sección de noticias, cunha media de 2,7 por mes. A través dela anunciáronse as actividades programadas e a participación da entidade en diversos eventos.


A final de ano contabilizáronse 57.404 visitas realizadas por 23.232 visitantes distintos, cun total de 159.456 páxinas servidas. A media mensual de visitantes distintos foi de 1.936 persoas, producíndose un aumento do 27 % respecto do ano anterior, posiblemente provocado polo confinamento sanitario. O número de visitas tamén aumentou nun 20 %, pero non significou o incremento do total de páxinas servidas. A estabilización, ou incluso a lixeira redución, nos últimos anos do uso da web por parte do público podería deberse a varias causas, tales como un mellor coñecemento da entidade que evita consultala a miúdo ou que non hai novos contidos salientables aparte das noticias. O posicionamento da web de Fragas do Mandeo nos buscadores seguiu a ser razoable (aínda que mellorable cando se buscan determinados termos relacionados coa súa actividade).

### Dimensión da web (en palabras)




### Uso da web

23.232 visitantes distintos e 57.404 visitas en 2020



## Tráfico da web

159.456 páxinas servidas en 2020



Para promover o voluntariado ambiental na bisbarra de As Mariñas, e así poder comunicar cos potenciais participantes nas actividades programadas pola entidade, continuouse co mantemento da conta na rede social Facebook ([www.facebook.com/voluntariadomandeo/](http://www.facebook.com/voluntariadomandeo/)). No exercicio publicáronse 5 comunicacións que suman 1.031 palabras e 21 imaxes. Estas cifras son moi inferiores ás do ano anterior, consecuencia dun menor número de convocatorias de xornadas de voluntariado.

A presenza nos medios de comunicación segue a ser modesta, con aparición esporádica na prensa diaria. Hai que salientar a acollida de noticias relativas ó décimo aniversario.

Para dar a coñecer a entidade noutras vilas da bisbarra, Fragas do Mandeo fai presentacións sobre a súa actividade e fins sempre que ten ocasión. Tal como se detalla no seguinte apartado, no 2020 deu charlas presenciais en A Coruña e Mariñán, ás que se suma unha telemática a público localizado en Vedra.

## Promoción da custodia

A promoción e difusión da custodia do territorio, igual que en anos anteriores, seguiu a facerse a través de varias liñas de actuación:

**Participación en eventos:** En xaneiro impartimos unha charla sobre as nosas reservas no *Seminario técnico sobre recuperación ambiental de humedais* do proxecto Life Fluvial, que tivo lugar na Casa da Auga da Coruña. En setembro participamos telemáticamente no ciclo *Mesas de experiencias de voluntariado* invitados pola Asociación Amabul de Vedra, onde explicamos os nosos métodos para eliminar especies exóticas invasoras. En outubro acompañamos ó Grupo Naturalista Hábitat na ría de Betanzos nunha actividade de iniciación ornitolóxica para celebra-lo día das aves.

Adicionalmente, participamos nunha entrevista radiofónica emitida por Roxin Roxal en xaneiro, demos charlas sobre a nosa actividade nun curso de monitores de tempo libre (en Gandarío no mes de outubro) e mediante videoconferencias —usando a plataforma do Grupo Naturalista Hábitat— nos meses de maio e de xullo, esta última para celebrar o noso décimo aniversario.

**Recepción de visitas:** Soamente visitounos un grupo de alumnos do centro integrado de formación profesional CIFP Santiago en San Paio do Monte, que cursaban o ciclo formativo de *Xestión forestal e*

*do medio natural*, ós que guiamos nunha visita pola Reserva de Anfibios do Catorce e por unha das parcelas que custodiamos na Espenuca.

**Organización da semana de custodia:** Tal como se adiantou, houbo que cancelar a novena edición da *Semana de Custodia do Territorio nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo*, na que estaba incluída a sétima edición da eco-regata.

**Participación na Rede Galega:** A actividade da Rede Galega de Entidades de Custodia do Territorio, da que formamos parte para ter unha representación ante a Administración e a sociedade en xeral, estivo practicamente paralizada.

**Medios electrónicos:** Na nosa páxina web seguen a manterse documentos e información actualizada relacionada coa custodia do territorio, aparte das noticias ó respecto, de maneira que o público poida informarse e resolve-las súas dúbidas nesta materia.

## Política lingüística

O idioma de uso habitual na entidade é o galego. Seguindo a política de non discriminación lingüística, os doadores e mailos voluntarios poden escolle-lo idioma de relación coa entidade.

O usuario da web da entidade pode escoller entre catro idiomas (galego, castelán, inglés e alemán). Tódalas páxinas da web están traducidas do galego ó castelán xa dende o momento da súa publicación. As traducións ó inglés e ó alemán van avanzando ó ritmo que poden os tradutores voluntarios. A final de ano o 79 % das entradas estaban traducidas.

No caso da conta de Facebook, soamente se usa o galego, pois o software non facilita ter versións en distintos idiomas.

## Política de igualdade

Aínda que non existen actitudes ou políticas discriminatorias, as estatísticas poden dar certa información sobre os resultados da política de igualdade da entidade.

Respecto do voluntariado, malia que o ano anterior a relación era equilibrada, neste caso desprazouse a un maior peso das mulleres, tanto considerando o número delas no voluntariado (o 61 %) como se valoramos o número de xornadas nas que traballaron (o 59 %).

Aínda que con diferenzas menos notables, o caso contrario deuse nas doazóns de particulares, pois incrementouse a diferenza en favor dos homes. Son o 57 % dos particulares que fan doazóns e achen o 56 % do importe doado.

Os representantes no padroado seguen a ser todos homes, malia as sucesivas renovacións.

A política de igualdade tamén inclúe a non discriminación por idades (onde o rango no voluntariado abrangueu dende os 5 até os 77 anos, sendo a media de 46 anos), nin de procedencia (ademais dos nativos, participaron persoas procedentes de a lo menos dous países estranxeiros), nin da cor da pel, crenzas, afiliacións, orientación sexual, etc.<sup>1</sup>

---

<sup>1</sup> Nas inscricións do voluntariado non se pregunta a nacionalidade nin os outros datos de índole persoal citados.

## Planificación para o ano 2021

Conforme ó plan de actuación elaborado en decembro, a previsión para o ano 2021 era centrarse nas seguintes liñas de actuación:

- Continuar coa adquisición de parcelas nalgunha das tres zonas de alto valor ambiental nas ribeiras do ríos Mandeo e Mendo, nos concellos de Aranga, Coirós e Oza-Cesuras, para o que se contemplou no plan de actuación destinar 8.000 euros.
- Facer o mantemento das zonas custodiadas (fincas cedidas ou adquiridas en Aranga, Coirós e Oza-Cesuras) e apadriñadas mediante voluntariado ambiental, coa eliminación da flora alóctona, retirada de lixo e reforestación con especies autóctonas, para o que se contemplou un gasto de 1.200 euros.
- Realizar o mantemento do observatorio e das fincas de Sobrado dos Monxes, para o que se contemplou no plan de actuación destinar 100 euros, en previsión de actos vandálicos e deterioracións naturais.
- Promove-la custodia do territorio en Galicia e difundi-la entidade, para o que se prevén 325 euros, mediante a participación en xornadas ou encontros, colaborando coa Rede Galega de Entidades de Custodia do Territorio, organizando a *IX Semana de Custodia nas Mariñas*, e facendo difusión a través da páxina web da entidade e na rede social Facebook.
- Realizar actuacións de voluntariado ambiental, cunha previsión de gasto de 660 euros.

Lamentablemente, a crise sanitaria está a crear unha incerteza que fai difícil calquera planificación e con toda seguridade alterará irremediabilmente as previsións contidas no plan de actuación.

## Aplicación dos principios de transparencia e boas prácticas

Dende o seu nacemento, Fragas do Mandeo ten a vontade de segui-los principios de transparencia e boas prácticas recomendados pola Fundación Lealtad (presentados a continuación na versión actualizada no 2020), como mecanismo para garantir que se dea resposta ás demandas de información da sociedade.

### 1. Misión clara y pública

- A. *“La misión está bien definida: La misión delimita claramente los campos de actividad y sus beneficiarios.”*

O fin social está definido no artigo 6 dos estatutos, e o público ó que se dirixe no artigo 11. A misión da entidade explícase en detalle na páxina web, estando tamén dispoñible na mesma o texto íntegro dos estatutos.

- B. *“Todas las actividades están alineadas con la misión: Todas las actividades y proyectos que realiza la entidad, el ámbito geográfico en el que se desarrollan y los beneficiarios a los que se dirigen están alineados con los fines estatutarios.”*

Tódalas actividades programadas e realizadas cumpren co contemplado no artigo 7 dos estatutos, seguindo a mesma liña de traballo dende a constitución da entidade; realízanse dentro do ámbito de actuación indicado no artigo 2 e os beneficiarios delas estaban dentro do establecido no artigo 11.

- C. *“Existen criterios formalizados para la selección de proyectos y contrapartes: Los criterios de selección de contrapartes y proyectos están recogidos en un documento aprobado por el órgano de gobierno. Se conside-*

*ra contraparte cualquier entidad que reciba fondos y/o bienes de la organización para el desarrollo de su misión.”*

O documento dos criterios de selección de contrapartes e proxectos está pendente de elaborar (de momento resulta innecesario pola inexistencia de contrapartes).

## **2. Planificación, seguimento y orientación al impacto**

- A. *“Elabora una planificación detallada con objetivos cuantificables: Existe un plan que abarca todo el ejercicio y todas las áreas de la organización. Detalla actividades, objetivos cuantificados e indicadores. Este documento está aprobado por el órgano de gobierno.”*

Durante o ano 2020 seguiuise o plan de actuación correspondente aprobado o ano anterior polo órgano de goberno. Para o seguinte exercicio elaborouse o plan de actuación do ano 2021, onde se detallan as actividades, obxectivos e indicadores, entregado á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia.

- B. *“Los resultados obtenidos se comparan anualmente con los objetivos planificados: En reunión del órgano de gobierno se exponen las desviaciones entre los objetivos y los resultados. En caso de necesidad se plantean medidas correctoras.”*

Tódolos anos faise un informe de liquidación do plan de actuación, onde compáranse os obxectivos acadados cos previstos, revisado e aprobado polo padroado.

- C. *“Existe un sistema de seguimiento de su actividad y beneficiarios: El procedimiento de control y seguimiento abarca la actividad (seguimento de proxectos, programas, reuniónes...) y los beneficiarios (asistencia, planes individuais, encuestas de satisfacción...). Este procedimiento está aprobado por el órgano de gobierno.”*

Existe un seguimento básico da actividade e da participación, pero non se realizaron enquisas de satisfacción. Polo pequeno volume de actividade, non se considera necesaria unha formalización exhaustiva aprobada polo órgano de goberno.

- D. *“El órgano de gobierno analiza el impacto generado: En reunión de órgano de gobierno se revisa la estrategia de la organización teniendo en cuenta el impacto generado por las distintas actividades.”*

O padroado revisa de maneira continuada a estratexia da entidade en función dos resultados obtidos nas reunións programadas periodicamente.

## **3. Órgano de goberno independente, activo y público**

- A. *“El órgano de gobierno está constituido por un mínimo de 5 miembros: Un mínimo de 5 miembros del órgano de gobierno cuenta con voz y voto. A efectos de este principio, se entiende por órgano de gobierno el Patronato en las fundaciones y la Junta Directiva en las asociaciones.”*

Tal como regulan os estatutos, o padroado está composto por tres membros, en representación das tres entidades que participaron na creación de Fragas do Mandeo. Aínda que a recomendación é que debe estar constituído por un número maior, considérase que o modesto tamaño da entidade non require máis membros dos que ten. Asemade, dado o seu carácter de representantes de entidades, significa a existencia dun segundo nivel de control da súa xestión.

- B. *“Los miembros del órgano de gobierno se renuevan periódicamente: En los últimos 5 años se ha incorporado, como mínimo, un nuevo miembro al órgano de gobierno.”*

Os estatutos contemplan a renovación periódica do órgano de goberno cada dous anos. A última foi no ano 2020, aínda que non houbo novos membros (son representantes de entidades, escollidos polas súas organizacións).

- C. *“El órgano de gobierno se reúne periódicamente con la asistencia regular de sus miembros: Se realizan al menos dos reuniones al año del órgano de gobierno con la asistencia de más del 50 % de los miembros. Todos asisten a una reunión presencial o por videoconferencia al año.”*

O padroado reuniuse en xunta de goberno 8 veces no ano 2020, participando tódolos seus membros. As reunións foron presenciais; a causa da excepcional situación sanitaria, a meirande parte do resto dos contactos foron realizados por vía telemática.

- D. *“Están limitadas las relaciones económicas del órgano de gobierno con la organización, sus entidades dependientes y sus proveedores: Menos del 40 % de los miembros del órgano de gobierno recibe remuneración de cualquier tipo por parte de la propia organización, sus entidades dependientes o sus proveedores.”*

Ningún membro do padroado ou do voluntariado percibe ingresos da entidade ou provedores, directa ou indirectamente (coa excepción dos gastos de quilometraxe por desprazamentos realizados cos vehículos particulares en actividades da entidade).

- E. *“Se aplican mecanismos para evitar los conflictos de interés: La organización informa de las relaciones de parentesco o afinidad relevantes del órgano de gobierno con el equipo, proveedores, contrapartes, beneficiarios u otros grupos de interés. Los mecanismos para evitar conflictos de interés están aprobados por el órgano de gobierno. Si han existido situaciones de conflicto de interés, se han aplicado dichos mecanismos.”*

Non existen relacións de parentesco ou afinidade do padroado que teñan relevancia. Están pendentes de elaboralos mecanismos formais de resolución dos conflitos de intereses no órgano de goberno, polo que en caso de existir bastaría con expresalos nas xuntas de padroado. Durante o ano non apareceron conflitos de intereses.

#### 4. Financiación diversificada y transparente

- A. *“Los ingresos están desglosados por financiador: Existe un desglose de los ingresos detallado por partidas: organismos públicos, entidades privadas, personas físicas, otros. En los ingresos provenientes de entidades, tanto públicas como privadas, se detalla el nombre del financiador y el importe.”*

Os ingresos están detallados nas memorias anuais, desagregando particulares e entidades. Aparecen nela os nomes das asociacións e dos organismos públicos, e os importe que doaron. Non hai financiamento de partidos políticos.

- B. *“La organización tiene su financiación diversificada: Se entiende por financiación diversificada: 1) En los últimos dos años ningún financiador ha aportado más del 50 % de los ingresos. 2) La financiación privada representa como mínimo el 10 % de la financiación total. Si la entidad gestiona contratos de la administración y/o convenios de la Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo, éstos se deducen de los ingresos para realizar los cálculos. Los ingresos que las federaciones y confederaciones traspasan a sus entidades federadas, también se deducen de estos cálculos.”*

O financiamento pode considerarse diversificado pois, dende a constitución da entidade, ningún financiador ten achegado máis da metade do total dos ingresos (no 2020, a maior doazón dun particular foi o 4 % do total, a dunha asociación o 10 % e o dunha empresa do 1 %). A meirande parte procede de particulares e asociacións (55 % no conxunto do período 2010-2020, sendo o 96 % no 2020); os ingresos por actividade propia son baixos (13 % no período 2010-2020 e 1 % neste exercicio) e as achegas empresariais moi modestas (3 % tanto no período 2010-2020 coma neste exercicio). Non existe dependencia de fondos do sector público, pois foron do 29 % no período 2010-2020 e neste exercicio non houbo ingresos por subvencións, nin contratos nin convenios da AECID.

- C. *“Existen criterios formalizados para la selección de entidades colaboradoras. La organización cuenta con una política de selección de entidades colaboradoras que contiene criterios que pueden ser positivos y/o excluyen-*



tes. El documento está aprobado por el órgano de gobierno. Se entiende por entidad colaboradora aquella que participa en proyectos de la organización ya sea económicamente o con otro tipo de aportaciones.”

Os criterios formalizados para a selección de entidades colaboradoras están pendentes de redactar (de momento resultan innecesarios pola inexistencia de entidades que se impliquen directamente nos nosos proxectos, máis alá de colaboracións puntuais).

## 5. Control del uso de los fondos

- A. *“Se detalla la distribución de los fondos entre misión, administración y captación de fondos: Existe un desglose del porcentaje de gasto entre misión (proyectos), administración y captación de fondos. En caso de que la entidad realice algún tipo de actividad económica, el desglose también incluye esta partida.”*

A memoria anual informa da distribución de fondos entre o destinado a misión e a gastos de administración. Non houbo partidas para captación de fondos nin para realizar actividades económicas.

- B. *“Están desglosados los ingresos y gastos de las actividades de captación de fondos. Se detallan las actividades y campañas realizadas para la captación de fondos privados (eventos, venta de lotería, mercadillos...). Existe un desglose de los ingresos y gastos asociados a dichas actividades, incluyendo las campañas «face to face» si las hubiera.”*

Non houbo actividades de captación de fondos.

- C. *“Cuenta con mecanismos para el control de los fondos dirigidos: Cuando una organización cuenta con fondos dirigidos, existen mecanismos de trazabilidad que garantizan que esos fondos son destinados a ese fin. Se consideran fondos dirigidos aquellos recaudados para una finalidad concreta.”*

Non existen fondos dirixidos nin de apadriñamento, dado que a misión da entidade é moi concreta e local. Os doadores teñen forma de saber con anticipación en que van investir-se as súas achegas, por estar explicado na web da entidade.

- D. *“Existe una política para la aprobación de gastos y proveedores: Las políticas de aprobación de gastos y selección de proveedores establecen, como mínimo, el número de presupuestos a solicitar, los responsables de su autorización en función de la cuantía y los criterios aplicados. Ambas políticas están aprobadas por el órgano de gobierno.”*

O baixo nivel de aprovisionamento da entidade fixo innecesario establecer unha política de aprobación de gastos e selección de provedores. En exercicios anteriores, cando se recibiron subvencións do Agader, solicitáronse en cada caso tres provedores, co coñecemento do padroado.

## 6. Sostenibilidad financiera

- A. *“Elabora anualmente un presupuesto y su correspondiente liquidación: La organización elabora un presupuesto anual detallado por partidas de ingresos y gastos. Se realiza la correspondiente liquidación presupuestaria, comparando los importes presupuestados con los ingresos y gastos reales. Ambos documentos están aprobados por el órgano de gobierno.”*

O plan de actuación elaborado anualmente contempla os presupostos e na liquidación compáranse as previsións cos ingresos e gastos reais. Tanto a súa elaboración como a súa liquidación son aprobados polo padroado.

- B. *“La organización no tiene una estructura financiera desequilibrada: La situación financiera de la entidad no presenta desequilibrios que pongan en riesgo su continuidad, por ejemplo, fondos propios negativos.”*

A estrutura financeira é equilibrada, estando ausentes os compromisos financeiros.

- C. *“No se acumulan fondos de forma injustificada: Los recursos acumulados por la entidad incluyendo inversiones y tesorería no representan más del 150 % del presupuesto de gasto de la entidad o del gasto previsto para el siguiente ejercicio. Esto supone un año y medio de actividad.”*

Todo o excedente do exercicio aplícase a reservas. As mesmas serán destinadas á compra de novas fincas —que serán afectadas permanentemente ós fins fundacionais polo padroado— en canto frutifiquen as negociacións en marcha. Aínda que o obxectivo é investir estas reservas canto antes, a propia natureza destes investimentos implica certa incerteza no ritmo da súa aplicación.

- D. *“Las inversiones financieras cumplen unos mínimos criterios de prudencia: En caso de contar con inversiones financieras, estas cumplen con criterios de prudencia y minimización de riesgos. Existen unas normas de inversión alineadas con el Código de Conducta relativo a las inversiones de las entidades sin ánimo de lucro de la CNMV. Esta política está aprobada por el órgano de gobierno. Las participaciones en sociedades no cotizadas están alineadas con la misión.”*

Non se teñen feito investimentos financeiros no presente ano, nin están previstos para os próximos.

- E. *“Las participaciones en entidades vinculadas contribuyen a la misión: Las entidades vinculadas están alineadas con la misión de la organización. Las transacciones se realizan de acuerdo a criterios de prudencia y minimización del riesgo.”*

Non existen entidades vinculadas.

## 7. Comunicación transparente y veraz

- A. *“La página web está completa y actualizada: La organización cuenta con una página web propia. Como mínimo, incluye información de proyectos, composición del órgano de gobierno y equipo directivo, memoria de actividades, cuentas anuales auditadas y datos de contacto.”*

A entidade conta cunha páxina web propia, extensa e permanentemente actualizada. Informa dos proxectos, da composición do padroado e figuran os datos de contacto polos distintos medios. Nela publícanse os informes anuais de balance económico e de xestión. Non se ten realizado unha auditoría externa das contas polo reducido volume destas e para aforrar o custo aparelado de facela.

- B. *“La comunicación no induce a error: La información contenida en todos los materiales y canales de comunicación refleja la imagen fiel de la organización. Si existen vínculos con partidos políticos, entidades religiosas, empresas, etc., son públicos en la página web.”*

A web da entidade, os informes anuais e o folleto impreso recollen fielmente a información sobre a entidade.

- C. *“Se informa proactivamente al donante sobre la actividad: Se mantiene una comunicación regular con donantes y colaboradores informando sobre actividades, beneficiarios y evolución de la entidad.”*

Os doadores e colaboradores reciben información periódica por correo electrónico, incluídas as asociacións colaboradoras.

- D. *“La organización vela por el buen uso de su marca: La organización protege su marca y sus logotipos.”*

Non se cedeu o uso do logotipo a terceiros nin se ten constancia do seu uso indebido.

## 8. Voluntariado formado y participativo

- A. *“Promueve el voluntariado y tiene definidas las actividades que realiza: La ONG cuenta con voluntarios activos y recurrentes. Detalla las áreas de actividad en las que pueden colaborar.”*

A entidade promove o voluntariado ambiental nas charlas que imparte e difunde por diversos medios as convocatorias de xornadas de voluntariado, nas que detalla as actividades a realizar. Durante o ano 2020, participaron 51 persoas distintas nas xornadas convocadas pola entidade, cifra inferior á do ano anterior a causa da crise sanitaria. A este resultado hai que suma-las 38 persoas convocadas por entidades colaboradoras.

A participación do voluntariado no conxunto das tarefas (traballo no campo, administración, traducións, mantemento da web, etc.) traducíuse nunha dedicación equivalente a máis de 148 xornadas laborais de 8 horas.

- B. *“Dispone de un plan de formación para voluntarios: El plan de formación incluye como mínimo la formación de acogida y acompañamiento.”*

Antes do inicio de cada actividade, os voluntarios recibiron as debidas explicacións. Non se precisa dun plan de formación de acollida e acompañamento pola pouca duración das actividades.

- C. *“Los voluntarios están asegurados y cuentan con los certificados pertinentes: Los voluntarios están registrados y asegurados en función de la actividad que realizan. Cuentan con los certificados requeridos por la normativa (ejemplo: Certificado de Delitos de Naturaleza Sexual para voluntarios que tienen contacto habitual con menores).”*

As actividades de campo nas que participaron os voluntarios estiveron cubertas por un seguro de accidentes e responsabilidade civil contratado por Fragas do Mandeo. Os tipos de actividades non requiriron certificados.

## 9. Cuestiones normativas

- A. *“Existe un canal de denuncias a disposición de todos los públicos de la entidad: La organización tiene un canal de denuncias disponible a través de su página web. Cuenta con un procedimiento en el que se detalla quiénes son las personas designadas para recibir, investigar y gestionar las denuncias. Al menos una vez al año se presenta al órgano de gobierno un resumen de los principales datos de actividad del canal de denuncias con las medidas tomadas.”*

O público da entidade ten á súa disposición na web o enderezo electrónico, a través do que pode formular calquera denuncia ou queixa, que será lida e xestionada por un membro do padroado. Non existe un procedemento determinado, pois dende a súa constitución nunca existiron denuncias.

- B. *“Vela por el cumplimiento de la normativa de protección de datos: Existen mecanismos para el correcto tratamiento de los datos de sus donantes, beneficiarios y otros grupos de interés aplicando la normativa vigente en protección de datos de carácter personal.”*

Cúmrese coa normativa de protección de datos. Vélese pola confidencialidade dos datos de carácter persoal e na súa recollida infórmase dos dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición que outorga a lei.

- C. *“Existe una política de gestión de donaciones en efectivo y control de donaciones anónimas: La organización cuenta con una política que permite identificar la procedencia de todas las donaciones y los mecanismos a seguir en caso de donaciones anónimas. Además, existe un procedimiento que establece cómo se controlan las donaciones recibidas en efectivo.”*

As doazóns en efectivo son cifras marxinais (ningunha no 2020), polo que non resulta necesario un procedemento predefinido.

- D. *“Cumple con las obligaciones legales ante protectorados y registros: La entidad cumple la normativa referida a los trámites, información y depósito de documentación ante los registros y organismos correspondientes. Las cuentas anuales están aprobadas por el órgano de gobierno correspondiente.”*

A entidade cumpre con todas estas obrigas legais e, obviamente, as contas están aprobadas polo padroado.

- E. *“Está al corriente de pago de las obligaciones ante la Administración Tributaria y la Seguridad Social: La organización está al corriente de pago de sus obligaciones tributarias y ante la Seguridad Social y cuenta con certificados actualizados y vigentes que lo demuestran.”*

A entidade está exenta do Imposto de Sociedades, remitiu os certificados de doazóns ós respectivos doadores e informou delas á Axencia Tributaria en tempo e forma para que apliquen as deducións; non ten obrigas coa Administración Tributaria nin a Seguridade Social (de feito, non te empregados); ten entregada a documentación requirida ó protectorado da Xunta de Galicia e conta co certificado de rexistro.